

BASES DO CONCURSO

“ ENCARNACIÓN POSE - AQUÍ CABEMOS TODOS/AS”

No 2020, o XVII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil «Pura e Dora Vázquez» foi fallado a favor do libro “Adrán e fábrica de Xeo” que ten coma un dos seus eixos temáticos a convivencia en Galicia de nenos de diferentes culturas. O importe do premio foi doado pola autora do libro integramente á organización sen ánimo de lucro “Asociación de Migrantes de Galicia – AMIGA” para a creación do concurso “Encarnación Pose - AQUÍ CABEMOS TODOS/AS”.

1.- O concurso “Encarnación Pose - AQUÍ CABEMOS TODOS/AS” ten como obxectivo promover entre os nenos e nenas de educación infantil e primaria dos centros educativos de Galicia os valores da tolerancia e a convivencia intercultural fronte aos comportamentos racistas e xenófobos; así como fomentar as accións de voluntariado entre os nenos e nenas que viven na comunidade galega.

A diversidade cultural, social, étnica e relixiosa, e de xénero son factores que contribúen a formar unha sociedade máis forte e rica en experiencias e recursos; sempre, por suposto, dende a base dos principios de igualdade e non discriminación .

2.- O concurso terá como tema A convivencia Intercultural, e levarase a cabo dende o día 8 de setembro do 2021 ata o día 5 de outubro de 2021, que será a data de remate para a presentación dos traballos realizados.

O fallo farase público o día 15 de outubro mediante a publicación dos colexios gañadores na páxina web da organización AMIGA , www.amiga.gal. Asimesmo AMIGA porase en contacto persoalmente cos centros educativos para a xestión da entrega de premios.

3.- Os participantes deberán ter idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Habará tres categorías: Etapa infantil; Primaria 1º a 3º curso; Primaria 4º a 6ª curso.

4.- Os traballos consistirán en vídeos dunha duración máxima de 10 minutos **nos que se fomente a tolerancia, se promova a interculturalidade, ou se denuncien os comportamentos intolerantes e discriminatorios.** Terase especialmente en conta como criterios a valorar polo xurado:

- A participación da clase ou dun grupo importante de alumnos/as na elaboración do vídeo.
- A participación do persoal docente.
- A creatividade sobre os medios materiais.
- O uso do galego.

5.- Os traballos deberán ser presentados pola Dirección do Centro educativo, con un máximo de 1 vídeo por cada categoría. Habará un premio de 300 euros por cada categoría en vales para compra de que **deberán empregalo en apoio escolar ou material a un ou varios alumnos/as en risco de exclusión social, preferiblemente de orixe migrante.**

O modo de presentación dos traballos será:

- Por medio dun correo electrónico a adm.amiga@gmail.com
- Por correo postal (en formato CD/DVD/PENDRIVE) ao enderezo asociación de Migantes de Galicia (AMIGA), RÚA Manuel María nº 6, 3º oficina 5, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña).
- Persoalmente (en formato CD/DVD/PENDRIVE) na sede da asociación AMIGA no enderezo antes indicado.

Cada traballo deberá ir acompañado do formulario que se recolle no ANEXO I das presentes bases debidamente cumprimentado , e asinado pola dirección do centro escolar.

6.- O xurado estará composto por 5 persoas:

- A creadora do Premio, Doña Begoña Graña Suárez.
- A Presidenta da Asociación de migrantes de Galicia- AMIGA.
- Un técnico de inclusión social
- Un voluntario/socio da Asociación.
- Un representante da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

A votación se decidirá por maioría simple. (3 votos)

7.- O acto de entrega dos premio se realizará no mes de outubro de 2021 en Santiago de Compostela , e os vales do importe de cada premio se entregará aos representantes do centro escolar seleccionado, **que deberán empregalo en apoio escolar ou material a un ou varios alumnos/as en risco de exclusión social, preferiblemente de orixe migrante.**

O Centro redactará nos 90 días seguintes á concesión do premio unha breve xustificación da finalidade do gasto a realizar.

8.- Os vídeos gañadores publicáranse na páxina web de AMIGA, polo que o representantes do centro escolar deberán asinar o consentimento para a reprodución do mesmo que consta no ANEXO II, así coma a cesión de dereitos de imaxe e declaración responsable de que teñen no seu poder o consentimento asinado polos representantes dos menores que puidesen aparecer nos vídeos.